



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ACTA DA SESIÓN TELEMÁTICA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE OFICIAL ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020

Sendo as 14:00 horas do día 23 de xuño de 2021, en sesión telemática celebrada mediante audioconferencia consonte coa previsión contida na Base 5ª, apartado 6, das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021 (publicadas no BOP núm. 43 do 05.03.2021), xúntanse os integrantes do Tribunal cualificador constituído en sesión do 10 de xuño de 2021, baixo a Presidencia de Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo), os vogais, Federico Suárez Cancelo (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Oroso), Raúl Martínez Martínez (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Cerceda) e Gema Vázquez López (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Abegondo), actuando como secretaria, Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo).

A xuntanza ten por obxecto estudar as alegacións presentadas e que a continuación se relacionan, con indicación de nome e apelidos, número de rexistro e número de pregunta contra a que se reclama:

| Apelidos e nome | Núm rexistro | Pregunta |
|---------------------------------|-----------------------|-----------|
| Ares Campello, Sandra María | 202199900001864- 1916 | 30 |
| Fernández Copa, Jose Alberto | 202199900001883-4 | 30 |
| Calvo Barcia, Iria | 202199900001885 | 3, 30 |
| Fraga Pazos, Cristina | 202199900001886 | 30 |
| García Fraga, Andrea | 202199900001891 | 3, 30 |
| García Seoane, José Luis | 202199900001892 | 3, 26, 30 |
| Muñiz García, Graciela | 202199900001897 | 30 |
| Soto Enríquez, Genma | 202199900001898 | 6, 20, 30 |
| Sobrino Reigosa, Sandra | 202199900001900 | 30 |
| Lago Martínez, Sonia | 202199900001912 | 3, 30 |
| Pérez Vázquez, Digna Montserrat | 202199900001918 | 30 |
| Graña Grandío, Ana | 202199900001925 | 3, 30 |
| Bello Sánchez, Lucía | 202199900001934 | 30 |
| Pérez Mira, Carmen María | 202190000000702 | 30 |
| Sisto Ramos, Margarita | 2021999000019350 | 30 |
| Insua Bello, Nuria | 202199900001935 | Revisión |
| Martínez Suárez, Alejandro | 202199900001955 | Revisión |

Existe quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe.

Polo Tribunal revísanse as preguntas indicadas polos aspirantes nas súas reclamacións, co seguinte resultado:

1º. Procede anular a pregunta número 3:

“3. Sinala a resposta incorrecta:

- a) Os membros das Cortes Xerais non estarán ligados por mandato imperativo
- b) A circunscrición electoral é o municipio
- c) As Comunidades Autónomas designarán ademais un Senador e outro máis por cada millón e medio de habitantes do seu respectivo territorio
- d) As reunións de Parlamentarios que se celebren sen convocatoria regulamentaria non vincularán ás Cámaras”

Dado que dúas das catro respostas propostas son incorrectas (a resposta b) e a resposta c)), é errónea a súa formulación. Polo tanto substitúese pola número 1 de reserva:

“1. Sinala a resposta correcta:

- a) O principio de unidade xurisdiccional é a base da organización e funcionamento dos Tribunais
- b) A xustiza adminístrase en nome do pobo
- c) A xustiza adminístrase por Xuíces e Maxistrados integrantes do poder xudicial, dependentes, inamovibles, responsables e sometidos unicamente ao imperio da lei
- d) O Presidente do Tribunal Supremo será nomeado polo Congreso dos Deputados.”

Correspondendo a resposta correcta á letra a)

2º. Procede correxir a plantilla de respostas na pregunta núm. 30. Sinalouse como resposta correcta na plantilla a d) cando correspondía sinalar a c).

“30.- Indique a proposición correcta entre as seguintes:

a) O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Se a norma non fixase prazo, este será de tres meses, que se contará, nos procedementos iniciados de oficio, desde o día seguinte ao da data do acordo de iniciación.

b) As normas reguladoras dos procedementos non poderán establecer un prazo superior a tres meses, salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea.

c) O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento, a cal non poderá fixar un prazo superior a seis meses, salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior, ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea. Cando a norma reguladora do procedemento non fixe prazo, este será de tres meses, que se contarán, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico da Administración competente para a súa tramitación.

d) O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento, a cal non poderá fixar un prazo superior a seis meses, salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior, ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea. Cando a norma reguladora do procedemento non fixe prazo, este



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

será de tres meses, que se contarán, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico de calquera Administración.

3º. En relación á pregunta 6, afirma a reclamante que a constitución “en ningún momento garantiza a autonomía” dos municipios, provincias e comunidades autónomas para a xestión de sus respectivos intereses.

O artigo 137.1 da CE establece: “El Estado se organiza territorialmente en municipios, en provincias y en las Comunidades Autónomas que se constituyan. Todas estas entidades **gozan** de autonomía para la gestión de sus respectivos intereses.”

A propia Constitución emprega o presente de indicativo para afirmar que os entes territoriais citados teñen xa, disfrutan, exercen, gozan de autonomía. Emprega unha pura e simple afirmación. Polo tanto, no propio artigo se garante a autonomía dos mesmos para a xestión dos seus propios intereses.

Pero es que ademáis, a autonomía das comunidades autónomas a garante tamén o artigo 2 da Constitución Española. E a dos municipios a garante tamén o artigo 140.1 da Constitución.

Pero es que ademáis é algo indubitado establecido pola doutrina do Tribunal Constitucional; así na Sentenza do Tribunal **Constitucional de 1 de febreiro de 1993** onde, recollendo e asumindo a doutrina constitucional instaurada pola Sentenza 32/1982, declara: *"Como afirma la STC 32/1982, la garantía constitucional de la autonomía local «es de carácter general y configuradora de un modelo de Estado, y ello conduce, como consecuencia obligada, a entender que corresponde al mismo la fijación de principios o criterios básicos en materia de organización y competencia de general aplicación en todo el Estado».*

Na senteza do **2 de febreiro de 1981**, afirma: *“(…)De acuerdo, pues, con la Constitución, la autonomía que garantiza para cada entidad lo es en función del criterio del respectivo interés: interés del municipio, de la provincia, de la Comunidad Autónoma..”*

Ou por último, na Sentenza do Tribunal Constitucional de 28 de xullo de 1981, declara: *“Como titulares de un derecho a la autonomía constitucionalmente garantizada, las comunidades locales no pueden ser dejadas en lo que toca a la definición de sus competencias y la configuración de sus órganos de gobierno a la interpretación que cada Comunidad Autónoma puede hacer de ese derecho, tanto más cuanto que el mismo no va acompañado, como en otros ordenamientos sucede, de un derecho de carácter reaccional que, eventualmente, les abre una vía ante la jurisdicción constitucional frente a normas con rango de ley”..*

Polo tanto, en todo momento, a Constitución garante a autonomía dos municipios, provincias e comunidades autónomas para a xestión de sus respectivos intereses, polo que a alegación formulada, desestímase.

4.º En relación á pregunta 20, a alegante afirma que “Lo cierto y verdad, es que ni se observa ni se contempla en la Ley 30/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas (LPAC) una definición del significado y extensión de la vía de hecho”, e pide a súa anulación, logo de facer unha

serie de consideracións de que “ se anule la citada pregunta al no corresponder con el temario de la convocatoria.”

O que sí é certo e patente é que o tema número 11 do temario deste proceso selectivo publicado no BOP núm, 49 do 15.03.2021, leva por título: “**Tema 11. A coacción administrativa: o principio de autotutela executiva. A execución forzosa dos actos administrativos: os seus medios e principios de utilización. A coacción administrativa directa. A vía de feito.**”

Debéndose engadir, que en ningún momento o citado tema está limitado ao contido exclusivo da Lei 39/2015.

Polo que, a alegación e petición formulada, debe de desestimarse íntegramente, xa que a pregunta corresponde ao temario.

5º. En relación á pregunta 26, indica o reclamante, que “Se da como correcta la opción D, pero según artículo 14.2 apartado e) de la Ley 39/2015, un empleado público cuando actúe como tal debe relacionarse electrónicamente con la Administración, por lo que no sería correcta la opción D, al estar un funcionario del Concello de A Coruña obligado a relacionarse electrónicamente con la Administración cuando actúa como tal.”

Compre indicar que o artigo 14.2 da Lei 39/2015, cando regula os obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedimemento administrativo, indica que ao menos, serán entre outros, os seguintes suxeitos: “... e) *Los empleados de las Administraciones Públicas para los trámites y actuaciones que realicen con ellas por razón de su condición de empleado público, en la forma en que se determine reglamentariamente por cada Administración.*”, é evidente que se refire ás relacións dos empregados públicos coas administracións ás que pertencen, pois só con esa poden actuar na súa condición de funcionario público; é dicir, está obrigado a relacionarse por mor da súa suxeición especial coa Administración á que pertence e por razón da súa condición de empregado público; polo tanto un empregado público do Concello de A Coruña, estará obrigado a facelo co Concello de A Coruña, pero non co Concello de Bergondo, xa que non é empregado seu.

Polo que, a alegación e petición formulada, debe de desestimarse íntegramente.

6º. En relación á revisión do exame con código 110, revísase co seguinte resultado: preguntas respostadas ben: 28; respostadas mal: 12; non respostadas: 10; puntuación acadada: **5,00 puntos. Varíase a puntuación da primeira corrección en 0,25 puntos máis.** (sen facer as modificacións das preguntas 3 e 30)

7º. En relación á revisión co exmae con código 082, revísase co seguinte resultado: preguntas respostadas ben: 27; respostadas mal: 14; non respostadas 9; puntuación acadada: **4,70 puntos. Mantense a puntuación da primeira corrección** (sen facer as modificacións das preguntas 3 e 30)

En relación ao indicado de que: “*Por outra parte, solicito que me remitan copia do meu exame xa que non me facilitaron polo modelo de cuestionario copia algunha das miñas respostas, algo que entendo que deberían de facilitar no futuro esa posibilidade. Moitas grazas.*”; recórdaselle que se lles indicou no inicio da proba, o folio coas instrucións do exame, podían empregalo para anotar na volta as súas respostas.

Acorda o tribunal darlle traslado de copia do seu exame ao interesado.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Á vista do exposto, o Tribunal, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro. Anular a pregunta 3 do exame polos motivos expostos, e substituíla pola primeira de reserva.

Segundo. Corrixir a plantilla en relación á resposta correcta da pregunta 30, que é a resposta c) e non a resposta d)

Terceiro. Desestimar as alegacións formuladas ás preguntas 6, 20 e 26 polas razóns indicadas no corpo desta acta.

Cuarto. Na súa consecuencia, emendar a corrección do primeiro exercicio tipo test, segundo o acordado nos puntos primeiro e segundo anteriores, quedando como segue:

| CÓDIGO | NOTA | CÓDIGO | NOTA | CÓDIGO | NOTA | CÓDIGO | NOTA |
|--------|------|--------|------|--------|------|--------|------|
| 121 | 1,60 | 131 | 5,50 | 13 | 6,25 | 56 | 2,40 |
| 111 | 6,25 | 82 | 4,20 | 96 | 6,20 | 83 | 5,00 |
| 133 | 2,75 | 22 | 7,50 | 33 | 8,25 | 73 | 7,20 |
| 108 | 6,75 | 114 | 2,60 | 12 | 5,70 | 81 | 6,00 |
| 112 | 6,35 | 93 | 4,15 | 35 | 6,00 | 50 | 5,60 |
| 107 | 6,85 | 89 | 2,80 | 103 | 3,50 | 109 | 5,95 |
| 46 | 7,45 | 55 | 5,85 | 72 | 7,80 | 76 | 2,95 |
| 104 | 2,20 | 132 | 2,85 | 11 | 2,10 | 118 | 4,35 |
| 116 | 6,30 | 94 | 7,30 | 99 | 6,15 | 95 | 4,65 |
| 54 | 0,55 | 57 | 6,90 | 134 | 5,90 | 59 | 2,35 |
| 135 | 3,65 | 58 | 8,25 | 28 | 6,60 | 97 | 4,30 |
| 87 | 5,30 | 45 | 7,85 | 49 | 3,95 | 36 | 3,35 |
| 120 | 7,75 | 48 | 6,45 | 60 | 3,25 | 66 | 6,65 |
| 88 | 6,90 | 37 | 2,70 | 34 | 5,45 | 53 | 5,40 |
| 117 | 3,85 | 98 | 1,50 | 9 | 2,80 | 110 | 5,50 |
| 74 | 5,10 | 23 | 7,60 | 29 | 5,90 | 92 | 2,40 |
| 90 | 7,80 | 19 | 7,80 | 91 | 5,15 | 136 | 2,00 |
| 130 | 6,90 | 32 | 6,55 | 71 | 6,95 | 106 | 1,60 |
| 80 | 6,55 | 115 | 3,25 | 27 | 7,00 | 21 | 6,80 |
| 105 | 0,40 | 119 | 3,80 | 10 | 6,70 | 75 | 3,55 |

Quinto. Manter a convocatoria dos aspirantes aprobados, á celebración do **segundo exame da oposición, o luns 28 de xuño de 2021, ás 9:00 horas no CPI Cruz do Sar de Bergondo, sito en Rúa A Senra 33, 15165 Bergondo (A Coruña).**

Recordar que se manteñen, para a realización do segundo exercicio da oposición as medidas de prevención do COVID-19 sinaladas na Resolución da alcaldía núm. 625/2021, do 31 de maio, publicadas no BOP núm. 102 do 02.06.2021.

Sexto. Publicar o acordado no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica (Base 7ª.1 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021 (publicadas no BOP núm. 43 do 05.03.2021).

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina de xeito telemático a través da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputación Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/>) por tódolos integrantes do Tribunal e considerándose como lugar de sinaturas aos efectos oportunos o Concello de Bergondo. Dou fe; a secretaria

A Presidenta

Os/as Vogais

A secretaria